


# RAP PROXECTO RÍOS



**O colexio Rosalía, imos informar que o río Sar que temos, hai que ir limpar. As troitas e anguías que viven no lugar afogan e asfixian co lixo ao respirar.**

**A auga é un ben escaso, por iso é importante pero o ser humano usaa sen tino e sen razón. Vós, as novas xeracións, o futuro ides mudar mellorando o noso río para ir adiante.**



**Os salmóns e as lampreas que abundaron no pasado no presente xa non volven porque está contaminado. Os problemas cos vertidos seguen sendo incontrolados todos xuntos apoiando ao noso río imos curalo**

**Moita fauna has de atopar pola beira do caudal varios patos ou as garzas que dependen do fluvial. Algúns viron unhas londras e tamén varios reptís miraremos se ás gaviotas e os anfibios han de vir**



**Moitos anos provocaron que houbera sucidade pero agora imos detelo e así que non se agrave. E aquí remata o rap deste tema sobre os ríos natureza é o fogar onde todos nós vivimos**